

**Recurso nº 156/2019****Resolución nº 142/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN  
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 11 de xuño de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto polo COLEGIO DE INGENIEROS TÉCNICOS DE OBRAS PÚBLICAS contra os pregos da contratación dun servizo para a realización de inventarios e inspeccións principais de obras de paso existentes na rede autonómica de estradas de Galicia, expediente GA/18/204.2 (AT/017/2019) da Axencia Galega de Infraestruturas, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** Pola Axencia Galega de Infraestruturas convocouse a licitación do contrato de servizo para a realización de inventarios e inspeccións principais de obras de paso existentes na rede autonómica de estradas de Galicia, expediente GA/18/204.2 (AT/017/2019), cun valor estimado declarado de 1.238.790 euros.

**Segundo.-** O 03.06.2019 o COLEGIO DE INGENIEROS TÉCNICOS DE OBRAS PÚBLICAS interpuxo recurso especial en materia de contratación ante o órgano de contratación.

**Terceiro.-** Recíbese no TACGal o 05.06.2019 o recurso así como o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP) sinalando a inexistencia de licitadores, polo que

pasouse a ditar a presente resolución, sen necesidade entón de resolver a medida cautelar solicitada.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

**Segundo.-** O presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

A improcedente denominación que lle da o Colexio ao seu escrito, como recurso de reposición non impide a súa tramitación como recurso especial en materia de contratación, que é a acción impugnatoria administrativa correcta, en virtude do artigo 115.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Terceiro.-** En canto á lexitimación do recorrente, vista a súa natureza de entidade corporativa de dereito público que intervéñen na defensa dos intereses profesionais dos seus colexiados, apréciase lexitimación para a interposición deste recurso.

**Cuarto.-** Dado que os pregos se publicaron o 13.05.2019, o recurso foi interposto en prazo.

**Quinto.-** Estamos perante a impugnación dos pregos dun contrato de servizos cun valor estimado superior a 100.000 €, polo que o recurso é admisible.

**Sexto.-** O Colexio recorrente critica o punto 8 do PPT porque esixe, como mínimo, *“un ingeniero de caminos, canales y puertos o con titulación equivalente, con una experiencia mínima de 5 años en trabajos de patología, inspección, reparación de*

*estructuras y gestión de obras de paso” e mais “un ingeniero de caminos, canales y puertos o con titulación equivalente, con experiencia mínima de 5 años que ejercerá como consultor de negocio, ...”.* O recorrente considera que a exclusión dos enxeñeiros técnicos de obras públicas e os actuais graduados en Enxeñería Civil non responde a ningunha exigencia legal, é discriminatorio e incumpre o dereito de igualdade.

Este TACGal debe rexeitar tal recurso por canto en ningún caso establécese no prego de cláusulas administrativas particulares que a titulación de enxeñería técnica de obras públicas deba quedar excluída das titulacións que poden exercer as funcións específicas a desenvolver polo persoal adscrito á execución do contrato.

Así, na propia cláusula reproducida polo recorrente está a mención “ou equivalente”, ao que engadir que no apartado J.2 B) do cadro de características clarifícase o seguinte :

*“Indicación do persoal que se compromete a adscribir ao contrato de conformidade co esixido no prego de condicións técnicas particulares identificando as persoas e o cargo a desempeñar no obxecto do contrato e a súa experiencia en meses, sen incluír o incremento de recursos humanos, segundo o seguinte cadro:*

**NON SE INCLUIRÁN NESTE CADRO O INCREMENTO DE RECURSOS HUMANOS SOBRE O  
ESIXIDO NOS PREGOS QUE REXEN A LICITACIÓN**

NOME E APELIDOS	CARGO	TITULACIÓN	EXPERIENCIA (meses)
	Enxeñeiro de camiños, canles e portos (ECCP) ou equivalente		
	Enxeñeiro de camiños, canles e portos (ECCP) ou equivalente		
	Auxiliar técnico		
	Delineante		
	Auxiliar Administrativo		

*Deste persoal mínimo adscrito ao contrato que se recolle nos pregos de cláusulas esixírase a presentación da titulación académica e profesional (se é o caso a titulación comunitaria homologable) e a acreditación da experiencia única e exclusivamente de:*

- Un enxeñeiro de camiños, canais e portos ou equivalente\* cun mínimo de 5 anos (60 meses) de experiencia, participando na execución de contratos similares, entendendo como tales os traballos de patoloxía, inspección, reparación de estruturas e xestión de obras de paso*

*\*Esta expresión “equivalente” abrangue a todas as titulacións que na súa formación curricular inclúen como materia específica as estradas e vías de comunicación así como o análise e cálculo de estruturas.*

*A experiencia acreditarase conforme ao modelo de acreditación da experiencia esixida na solvencia técnica que figura no Anexo II deste prego.”*

O informe do órgano de contratación xa remarca como a expresión “equivalente” abrangue a todas as titulacións que na súa formación curricular inclúen como materia específica as estradas e vías de comunicación así como o análise e cálculo de estruturas e que no relativo aos técnicos especialistas especificase que poderá ser desenvolvida polos enxeñeiros de camiños, canais e portos ou “equivalente” co fin de poder abarcar todas aquelas titulacións universitarias que habiliten a unha profesión regulada como é a dos enxeñeiros sempre que teñan a cualificación profesional requirida.

Engade que se establece no cadro de características a definición das titulacións que se consideran equivalentes tendo en conta a capacitación para o exercicio da profesión que proporcionan, establecendo unha formación curricular mínima que inclúa como materia específica as estradas e vías de comunicación, así como o análise e calculo de estruturas, relacionadas de forma clara, directa e proporcional co obxecto do contrato que abrangue a inspección e análise das estruturas que configuran as obras de paso da rede autonómica de estradas.

A maiores, recóllese:

*“Novena. Aceptada a participación doutros técnicos con unha titulación distinta a de enxeñeiros de camiños, canais e portos, tal e como se recolleu no punto anterior en contra do especificado polo Decano da zona de Galicia do Colexio de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas no seu recurso nos dous primeiros apartados do asunto de fondo (“Sobre a titulación requirida” e a “ilegalidade da disposición de carácter xeral recorrida”) cómpre facer unha mención específica ás competencias profesionais dos graduados en enxeñeira civil (terceiro apartado do asunto de fondo do seu escrito de alegación).*

*Neste senso, e de conformidade co establecido na Orde CIN/307/2009 que cita o propio recorrente, os graduados en enxeñeira civil teñen as competencias e capacitación para o desenvolvemento das prestacións definidas no prego cunha formación curricular que abrangue as materias recollidas no cadro de características. Se ben, é necesario matizar neste caso concreto que as ensinanzas recollen un bloque común á rama civil e*

*outro bloque completo correspondente a cada ámbito da tecnoloxía específica cursada (artigo 5 da citada orde) polo que resulta pertinente verificar a especialización e o deseño curricular concreto da titulación, solicitándose, en caso de dúbida, as aclaracións oportunas para comprobar se a formación do técnico designado correspóndese co requirido na solvencia técnica.*

*Décima.- Neste marco de especialización da oferta universitaria é imposible dar unha lista de titulacións exacta e concreta debido a que a oferta é moi numerosa e, ademais mesmo dentro de cada titulación a formación especializada en materia de estradas e cálculo de estruturas pode non ser troncal e desenvolverse a través de materias optativas ou distintas especialidades, casos nos que o órgano de contratación deberá verificar se o deseño curricular seguido pola persoa proposta para acreditar a solvencia técnica inclúe formación específica na materia.”*

Polo tanto, este TACGal, no xuízo revisor que nos ocupa, vistas as explicacións e a configuración das condicións da licitación no tocante ao debate presentado, non aprecia motivos de irregularidade nos pregos, polo que procede desestimar o recurso.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto pola representación do COLEGIO DE INGENIEROS TÉCNICOS DE OBRAS PÚBLICAS contra os pregos da contratación, pola Axencia Galega de Infraestruturas, dun servizo para a realización de inventarios e inspeccións principais de obras de paso existentes na rede autonómica de estradas de Galicia, expediente GA/18/204.2 (AT/017/2019).

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de

conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.